

EVOLUCIÓN DO MARKETING NA UNIVERSIDADE ESPAÑOLA: CONSIDERACIÓNS DENDE UNHA PERSPECTIVA DO NÚMERO DE PROFESORES FUNCIONARIOS

ENRIQUE CARLOS DÍEZ DE CASTRO
Departamento de Administración de Empresas e Marketing
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Sevilla

Recibido: 8 xaneiro 1997

Aceptado: 19 maio 1997

Os datos empregados neste traballo correspóndense co listado de profesores numerarios, de data 21 de marzo de 1996, das tres áreas empresariais de coñecemento: Economía Financeira e Contabilidade, Comercialización e Investigación de Mercados e Organización de Empresas.

No noso estudio distinguimos dous momentos básicos:

- a) O actual, representado polos profesores numerarios, con data 21 de marzo de 1996.
- b) O inicial, que comprende ata o comezo das oposicións que seguen a normativa da Lei de reforma universitaria (LRU) de 1983 e o Real decreto 1988/84 de 25 de setembro de 1984; a primeira destas oposicións foi en 1986. Chamarémoslle a este período "antes da LRU".

Considerámo-las catro categorías de profesores universitarios numerarios:

- a) Catedrático de universidade (CU).
- b) Titular de universidade (TU).
- c) Catedrático de escola universitaria (CEU).
- d) Titular de escola universitaria (TEU).

CONSIDERACIÓNS XERAIS

Antes da Lei de reforma universitaria, as tres grandes áreas de coñecemento empresariais (cadro 1) sumaban 176 profesores numerarios, distribuídos da seguinte forma: 64 catedráticos de universidade, 41 titulares de universidade, 13 catedráticos de escola universitaria e 58 titulares de escola universitaria. Con data 21 de marzo de 1996, os profesores numerarios totalizaban 1.180, distribuídos da seguinte forma: 212 catedráticos de universidade, 338 titulares de universidade, 61 catedráticos de escola universitaria e 569 titulares de escola universitaria.

O total de profesores universitarios pasa de 176 a 1.180, é dicir, multiplícase o seu número 6,7 veces; pero estes incrementos non son iguais para tódalas categorías: mentres que os catedráticos de universidade e escola universitaria teñen un incremento máis reducido (3,3 e 4,6 veces, respectivamente), os titulares de universidade e de escola universitaria presentan un crecemento moi superior (8,2 e 9,8 veces, respectivamente). Como se pode observar, estes incrementos son máis beneficiosos para os profesores numerarios de escola universitaria que para os de universidade: 4,6 e 9,8 fronte a 3,3 e 4,6, respectivamente.

Hai que salientar que antes da LRU existían máis catedráticos de universidade (64) ca titulares de universidade (41); non sucedía o mesmo cos catedráticos de escola universitaria (13) e os titulares de escola universitaria (58), cunha proporción, aproximadamente, de 4,5.

As orientacións emanadas do ministerio, sobre que deberían existir tres titulares de universidade por cada catedrático de universidade, fixeron que o número de catedráticos (212) sexa na actualidade inferior ó de titulares de universidade (338), pero non cunha relación de 1 a 3 senón de 1 a 1,6, isto é, moi inferior á proposta.

A evolución porcentual destas categorías recóllese no cadro 2, no que se observa o forte incremento dos titulares de escola universitaria (48%) que se aproximan ó 50% do total dos numerarios.

No cadro 3 recóllese a evolución dos profesores numerarios das áreas empresariais dende a aparición da LRU ata os nosos días.

Cadro 1.- Profesores numerarios

<i>Categoría</i>	<i>Antes da LRU</i>	<i>21/03/96</i>
CU	64	212
TU	41	338
CEU	13	61
TEU	58	569
TOTAL	176	1.180

Cadro 2.- Porcentaxe de profesores numerarios por categorías

<i>Categoría</i>	<i>Antes da LRU</i>	<i>21/03/96</i>
CU	36	18
TU	23	29
CEU	7	5
TEU	33	48
TOTAL	100	100

Cadro 3.- Evolución do número de profesores numerarios

<i>Categorías</i>	<i>Antes da LRU</i>	1986	1987	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	<i>Total</i>
CU	64	18	6	7	14	16	12	30	22	13	10	212
TU	41	28	19	25	26	23	39	25	39	36	37	338
CEU	13	8	2	1	1	8	5	8	8	3	4	61
TEU	58	70	34	53	50	35	49	43	83	43	51	569
TOTAL	176	124	61	86	91	82	105	106	152	95	102	1.180

Do cadro 3 queremos salientalo seguinte:

- En 1986 incorpóranse 124 profesores numerarios, un número moi elevado se consideramos que anteriormente existían 176. Cremos que a razón é evidente: mentres aparece e se desenvolve o sistema de oposicións na LRU, veñen uns anos nos que as oposicións, seguindo a nova lei, non poden convocarse. Cando se pode proceder á súa convocatoria e realización, acumúlanse oposicións de varios anos en lugar dun só.
- O ano no que maior número de promocións se realizan (de todo o período do noso estudo) é o de 1993: neste ano incorpóranse 152 novos profesores.
- O crecemento en tódalas categorías de profesores é maior (cadro 4) no quinquenio 1991-1995 (560) ca no de 1986-1990 (444).

Cadro 4.- Profesores numerarios por categorías

<i>Categoría</i>	<i>Antes da LRU</i>	<i>1986-1990</i>	<i>1991-1995</i>	<i>Total</i>
CU	64	61	87	212
TU	41	121	176	338
CEU	13	20	28	61
TEU	58	242	269	569
TOTAL	176	444	560	1.180

CONSIDERACIÓNS POR ÁREAS DE COÑECEMENTO

O cadro 5 recolle os profesores numerarios por áreas de coñecemento antes da Lei de reforma universitaria. Queremos resalta-las dúas notas seguintes:

- Os profesores da área de Economía Financeira e Contabilidade (FINA) eran 100, os da área de Comercialización e Investigación de Mercados (MARK) eran 15 e os da área de Organización de Empresas (ORGE) eran 61. Existían, aproximadamente, por cada profesor de Marketing, 4 de Organización de Empresas e 6,7 de Finanzas.
- A práctica inexistencia de catedráticos de escolas universitarias: 11 en Finanzas, ningún en Comercialización e 2 en Organización de Empresas.

A actualidade (21/03/96) resulta sumamente esclarecedora do futuro da evolución das áreas (cadro 6).

Cadro 5.- Profesores numerarios por áreas de coñecemento antes da LRU

<i>Categoría</i>	<i>FINA</i>	<i>MARK</i>	<i>ORGE</i>
CU	33	5	26
TU	18	4	19
CEU	11	—	2
TEU	38	6	14
TOTAL	100	15	61

Cadro 6.- Profesores numerarios por áreas de coñecemento na actualidade

<i>Categoría</i>	<i>FINA</i>	<i>MARK</i>	<i>ORGE</i>
CU	104	23	85
TU	190	30	118
CEU	38	2	21
TEU	392	31	146
TOTAL	724	86	370

Na actualidade, os profesores de Finanzas son 724, 86 os de Marketing e 370 os de Organización de Empresas. É dicir, hai por cada profesor de Marketing, 4,3 de Organización (antes 4) e 8,4 de Finanzas (antes 6,7).

Os datos en termos absolutos son contundentes e claramente reveladores da área de Marketing fronte ás súas irmás. Por se fora pouco, o descenso porcentual de Comercialización é evidente fronte ós financeiros e permanece invariable fronte ós profesores de Organización de Empresas.

Isto contrasta coa sensación xeral de recoñecemento da necesidade de ampliación do Marketing nos novos programas de estudos e a aparición deste en diversas licenciaturas, xunto á incipiente Investigación e Técnicas de Mercado. A crenza de que o Marketing cobrou un maior peso nas áreas empresariais non se corresponde co incremento de numerarios nestes últimos dez anos, senón todo o contrario.

Poderíase pensar que este feito é consecuencia de que a aparición da área de coñecemento de Marketing sorprende ós profesores de Economía da Empresa. Non existen especialistas na área e, polo tanto, tárdase un pouco en despegar, pero nos últimos anos reducírase a diferenza. Craso erro, os datos do cadro 8 desmenten este posible razoamento.

Cadro 7.- Profesores numerarios por áreas de coñecemento en 1990

<i>Categoría</i>	<i>FINA</i>	<i>MARK</i>	<i>ORGE</i>
CU	60	14	51
TU	82	13	67
CEU	23	—	10
TEU	204	20	76
TOTAL	369	47	204

En 1990, por cada profesor numerario de Marketing contábase con 4,34 de Organización de Empresas (os mesmos ca na actualidade) e 7,85 de Finanzas (menos ca na actualidade: 8,4); é dicir, as distancias entre Marketing e Organización de Empresas, no último quinquenio, mantivéronse e aumentaron con respecto ás Finanzas.

Nos cadros 8 e 9, respectivamente, recóllense os dez profesores máis antigos das áreas de coñecemento de Economía Financeira e Contabilidade e de Comercialización e Investigación de Mercados. Convén indicar que o décimo profesor máis antigo da área de Finanzas sería o máis antigo na área de Marketing, o que mostra a xuventude desta última área.

Cadro 8.- Clasificación dos profesores de Economía Financeira e Contabilidade segundo a súa antigüidade

<i>Núm. rexistro</i>	<i>Nome e apelidos</i>	<i>Universidade</i>
835	Mario Pifarré Riera	Central de Barcelona
1080	Jaime Gil Aluja	Central de Barcelona
1139	José Rivero Romero	Complutense de Madrid
1207	Alfonso M. Rodríguez Rodríguez	Central de Barcelona
1208	Eugenio Prieto Pérez	Complutense de Madrid
1313	Emilio Soldevilla García	País Vasco
1429	Antonio Serra Ramoneda	Autónoma de Barcelona
1659	Leandro Cañibano Calvo	Autónoma de Madrid
1660	Rafael Ángel Ramos Cervero	Valladolid
1733	Vicente Tomás González Catalá	Alcalá de Henares

Cadro 9.- Clasificación dos profesores de Marketing segundo a súa antigüidade

<i>Núm. rexistro</i>	<i>Nome e apelidos</i>	<i>Universidade</i>
1869	José Ramón Sánchez Guzmán	Complutense de Madrid
1952	Ignacio Cruz Roche	Autónoma de Madrid
3185	Mario Martínez Tercero	Complutense de Madrid
3458	Enrique Martín Armario	Sevilla
3626	Fernando Casado Juan	Central de Barcelona
21-05-86	Enrique Carlos Díez de Castro	Sevilla
02-06-86	Javier Emilio Alonso Rivas	Autónoma de Madrid
13-01-87	Miguel Antonio Santesmases Mestre	Alcalá de Henares
20-11-87	Salvador Miquel Peris	Valencia
03-05-88	Miguel Martín Dávila	Complutense de Madrid

CONSIDERACIÓNS DA ÁREA DE MARKETING

O cadro 10 describe a evolución dos profesores da área de Comercialización e Investigación de Mercados por categorías. Podemos dicir que o crecemento é certamente equilibrado, xa que o multiplicador de crecemento dos profesores titulares é superior ó dos catedráticos.

A evolución dos profesores de Marketing descríbese no cadro 11. Queremos resalta-los seguintes aspectos.

- O ano de maior crecemento de profesores prodúcese en 1993, cun total de 11 novos membros, seguido de 1992 con 9.
- Só existen dous catedráticos de escola universitaria que se incorporan en 1993 e 1995.
- O maior incremento por categorías prodúcese da seguinte maneira: os catedráticos de universidade en 1992 son 5; os titulares de universidade en 1993 son, tamén, 5; os titulares de escola universitaria en 1988 son, igualmente, 5.
- Existen unhas oscilacións no crecemento de profesores perfectamente definidas: a partir de 1986 hai unha tendencia decrecente ata 1990, ano no que se produce

un incremento sostido que alcanza o seu máximo en 1993, no que se inicia un novo descenso.

Cadro 10.- Profesores numerarios da área de Marketing por categorías

<i>Categoría</i>	<i>Antes da LRU</i>	<i>21/03/96</i>	<i>Multiplicador</i>
CU	5	23	4,6
TU	4	30	7,5
CEU	—	2	—
TEU	6	31	5,2
TOTAL	15	86	5,7

Cadro 11.- Evolución do número de profesores numerarios de Marketing

<i>Categorías</i>	<i>Antes da LRU</i>	<i>1986</i>	<i>1987</i>	<i>1988</i>	<i>1989</i>	<i>1990</i>	<i>1991</i>	<i>1992</i>	<i>1993</i>	<i>1994</i>	<i>1995</i>	<i>Total</i>
CU	5	2	2	1	2	2	1	5	2	—	1	23
TU	4	2	4	1	1	1	4	3	5	3	2	30
CEU	—	—	—	—	—	—	—	—	1	—	1	2
TEU	6	4	1	5	3	1	3	1	3	2	2	31
TOTAL	15	8	7	7	6	4	8	9	11	5	6	36